

## **ORDENANZA FISCAL NÚM. 41**

### **TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NO MUÍÑO DO RAÑEGO E OUTRAS UTILIZACIÓNS.**

#### **Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA**

De conformidade co que se prevé no **artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local** e, segundo os **artigos 15 a 19, así como os artigos 20.4 e 58, todos eles do R.D. 2/2004, do 5 marzo, texto refundido da Lei de facendas locais**, este concello establece a "taxa pola prestación de servizos municipais asociados á celebración de matrimonios civís no Muíño do Rañego e outras utilizacións", que se rexerá pola presente ordenanza.

#### **Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible a prestación dos servizos derivada do conxunto de actuacións realizadas co gallo da celebración de matrimonios civís no Muíño do Rañego, así como a utilización das instalacións para realizar sesións fotográficas que leven consigo a organización da apertura das instalacións polos servizos municipais do concello.

#### **Artigo 3º. SUXEITO PASIIVO**

É suxeito pasivo do tributo en calidade de contribuínte o/a beneficiario/a do servizo entendéndose por tal o/a contraente que formule a solicitude do servizo.

#### **Artigo 4º. DEVENGO**

O tributo devengarase no momento da presentación da solicitude nas oficinas do Concello. A presentación da solicitude iniciará a actuación administrativa e esta non se realizará sen que sexa efectuado o pago correspondente.

#### **Artigo 5º. OBRIGADOS AO PAGO.**

Están obrigados ao pago da taxa os beneficiarios/as do servizo, entendéndose por tales os/as contraentes.

#### **Artigo 6º. CONTÍA.**

A cota tributaria que se aboará no momento da solicitude está constituída polas seguintes taxas:

- Taxa de *115,00 euros* para a utilización das instalacións para realizar matrimonios civís ou reportaxes fotográficas en sábados, domingos ou festivos.
  
- Taxa de *85,00 euros* para a utilización das instalacións para realizar matrimonios civís ou reportaxes fotográficas de luns a venres, non festivos

#### **Artigo 7º. NORMAS DE XESTIÓN.**

Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados para o efecto pola Administración tributaria local e a realizar o ingreso da liquidación resultante na tesourería municipal ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente ordenanza fiscal, aprobada por \_\_\_\_\_ na sesión celebrada o día \_\_\_\_\_, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o día 1/1/2009, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.